
AS TRES PRINCESAS PÁLIDAS

Texto de **María JOSÉ MARTÍN FRANCÉS**

Ilustracións de **CAROLE HÉNAFF**

Tradución de **MANUELA RODRÍGUEZ**

Encadernado en cartón. 21,5 x 24,5 cm. 36 páx. 15 €.

As tres princesas pálidas (galego)

ISBN 978-84-8464-878-9. MareMar.

Las tres princesas pálidas (castelán)

ISBN 978-84-92608-85-0. Libros para soñar.

Les tres princeses pàl·lides (catalán)


ISBN 978-84-8464-879-6. Kalandraka.

Había unha vez hai moito moito tempo, un rei que tiña tres fillas de rostro tan claro e transparente como a auga ou o cristal...

“As tres princesas pálidas” remítenos aos contos clásicos ambientados nun tempo remoto e nun reino de ensoño, cun vello monarca que deposita no seu pobo a elección da súa sucesora. María José Martín recorre ás fórmulas propias deste xénero: a estrutura repetitiva e os diálogos rimados.

Están presentes os astros, que achegan o seu compoñente máxico; tamén a natureza e a paisaxe, que no relato representan o contacto coa nai terra; e o sol, que simboliza a enerxía, o poder e a vida. Arredor destes elementos, a autora tece un universo poético e metafórico onde, ademais, resalta un abano de actitudes e emocións que van dende a cobiza á bondade, da soberbia á humildade; cualidades extensivas a todos os humanos, independentemente da súa condición.

Carole Hénaff plasma esa carga literaria en ilustracións inspiradas na estética das mil e unha noites, de trazos sinxelos, tons pastel e fondos limpos, cun xogo de perspectivas que achega dinamismo e forza expresiva. Destaca o contraste entre imaxes tenues e composicións luminosas, feitas con lapis de cores. En consonancia co texto, abundan os detalles vexetais, celestes e simbólicos, convivindo en perfecta harmonía.



-
- **Temática:** os habitantes dun reino elixen a sucesora do rei entre as súas tres fillas.
 - **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.
 - **Aspectos destacables:** baseado nos contos clásicos, estrutura repetitiva, diálogos rimados; presenza dos elementos da natureza; da ilustradora de “Smará” (Kalandraka).
-

María José Martín Francés (Ajo)

(Madrid, 1958)

Mestra e especialista en Educación Infantil, narración e creación de recursos para docentes baseados na motivación na escola a través dos contos. Dende 1988 compaxina a faceta educativa coa formación do profesorado. Participa en experiencias relacionadas coa innovación educativa e colabora na organización de cursos de verán e de encontros profesionais convocados polo Movemento de Renovación Pedagóxica Acción Educativa.

Carole Hénaff

(Orange, Francia, 1973)

Pasou os seus primeiros anos en París, onde estudou Filosofía e Literatura Teatral na Facultade de Censier. En 1994 trasladouse a Barcelona, onde aprendeu ilustración, artes gráficas e animación dixital. Traballou durante catro anos no Estudio Peret de deseño, comunicación e creatividade. En 2004 creou o seu propio estudio, onde se dedica á publicidade, á ilustración de libros, revistas e cartaces. Outra faceta creativa súa consiste na realización de cadernos de viaxe. Expuxo a súa obra en varias salas de Barcelona. <http://www.carolehenauff.com>

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com
